

INFORMACIÓN E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN “ALDEA DE VERÁN 2022”

OBXECTO DO PROGRAMA:

“Aldea de verán 2022” é un recurso que pretende ofrecer á poboación posibilidades reais de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, ao mesmo tempo, que contribúe á formación socioeducativa dos nenos e nenas participantes durante o período vacacional do verán.

Deste xeito, o Concello pretende apostar polo mantemento desta medida, aínda con máis forza, debido a escaseza de recursos e servizos conciliadores cos que conta a poboación no medio rural no que vive, a diferenza das persoas que viven no entorno máis urbano.

OBXECTIVOS:

OBXECTIVO XERAL:

- Garantir a conciliación familiar e laboral das familias nos períodos vacacionais, ao mesmo tempo que se dispón dun espazo, de calidade, igualitario, educativo e cívico para a poboación infantil e xuvenil.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Ofrecer ás familias un espazo educativo e de ocio para nenas e nenos no que se promova o coñecemento e a aprendizaxe conxunta tanto emocional como lúdica.
- Ofertar un recurso acorde ás demandas e necesidades horarias das familias do noso Concello e dos Concellos rurais limítrofes.
- Promover actitudes e tratos igualitarios entre o público infantil, implicando a labor educativa das súas familias.
- Rachar estereotipos e prexuizos de xénero presentes na nosa sociedade.
- Establecer relacións e xogos cooperativos, compartindo experiencias dentro do grupo.
- Estimular a creatividade, a educación en valores, o traballo en grupo, a interacción e relación persoal, o respecto, o encontro interxeneracional e a resolución de conflitos.
- Prestar atención e traballar as necesidades emocionais das crianzas participantes en colaboración coas situacións e necesidades familiares.

- Introducir a nenas e nenos nos recursos da vila e no valor do medio ambiente, da natureza e do contexto rural máis próximo.
- Promover a actividade física, deportiva e saudable dende unha perspectiva cooperativa.
- Desenvolver diferentes actuacións que estimulen e promovan a responsabilidade e as habilidades de cada nena e neno participante, ao mesmo tempo, que se favoreza un lecer saudable e se fomente a corresponsabilidade familiar e social.
- Fomentar o galego como lingua de uso.

PERSOAS DESTINATARIAS:

O programa está dirixido a crianzas cunha idade comprendida entre 3 e 12 anos, que estean escolarizadas no 2º Ciclo de Educación Infantil ou na etapa de Educación Primaria.

A **prioridade de admisión na actividade** será, tendo en conta a data de rexistro de entrada no Concello e respectando a seguintes grupos e criterios de prioridade:

Grupo 1: Familias empadroadas no Concello de San Sadurniño:

1º criterio: Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

2º criterio: Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

3º criterio: Que non cumpran ningunha condición das mencionadas nos puntos anteriores.

Grupo 2: Familias non empadroadas no Concello de San Sadurniño, con vinculación laboral co municipio:

1º criterio: Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

2º criterio: Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

Grupo 3: Familias non empadroadas no Concello de San Sadurniño, con crianzas matriculadas no CPI de San Sadurniño:

1º criterio: Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

2º criterio: Que cumbran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.

3º criterio: Que non cumbran ningunha condición das mencionadas nos puntos anteriores.

Grupo 4: Familias solicitantes tomando como referencia unicamente a data de inscrición.

En cada un dos casos anteriores, sempre terán preferencia as solicitudes que demanden o servizo para o horario de 8:30 horas a 9:30 horas e con asistencia a actividade con carácter mensual, sobre quen solicite o servizo por quincenas ou para o horario de 9:30 a 14:30 horas.

Existirán 2 prazas reservadas para derivacións dos servizos sociais ou casos de urxencia por motivos sociofamiliares ou económicos.

Nº DE PRAZAS:

Un total de 35 participantes, en función das idades e características das e dos menores.

Infórmase que na franxa horaria de 8:30 a 9:30 horas só contaremos con 10 prazas dispoñibles.

DURACIÓN DO PROGRAMA:

O horario global da programa estará comprendido entre as 8:30 e as 14:30 horas, de luns a venres, durante os meses de xullo e agosto.

As dúas quendas de participación no programa serán:

- De 8:30 a 14:30 horas.
- De 9:30-10:00 a 14:30 horas.

A hora de entrada e saída da actividade terá certa flexibilidade para que a recepción e recollida dos e das menores sexa máis personalizada e fomentando a conciliación e flexibilidade horaria.

CUSTO DO PROGRAMA:

En función do horario de entrada, as cotas mensuais serán as seguintes:

	HORARIO DE 8:30 a 14:30 HORAS	HORARIO DE 9:30 a 14:30 HORAS
1º Membro da unidade familiar	110€	80€
2º Membro da unidade familiar	75€	50€
3º Membro da unidade familiar	45€	30€

PRAZOS DE INSCRICIÓN NO PROGRAMA (Imprescindible solicitude de cita previa):

- Matrícula para o mes de xullo: De 8:30h do 1 de xuño ás 14:30h do 10 de xuño.

Neste mesmo período, tamén se poderá facer a reserva para o mes de agosto procedendo ao pago dos dous meses. Só poderán proceder ao pago para a reserva da praza, as familias que figuren empadroadas no Concello, dado que son as que teñen preferencia.

- Matrícula para o mes de agosto: De 8:30h do 1 de xullo ás 14:30h do 12 de xullo.

Ao igual que no mes anterior só procederán ao pago da cota, as familias que figuren empadroadas no Concello.

Finalizados os prazos de matrícula, o resto das familias solicitantes que non estean empadroadas no Concello de San Sadurniño deberán facer o pago unha vez que os servizos técnicos municipais lles confirmen a praza.



San Sadurniño
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Calquera persoa que opte por presentar as solicitudes dunha ou máis familias, deberán achegar obrigatoriamente a folla de representación asinada polas persoas interesadas xunto coa copia dos seus DNIs.